




"Gran Premio Internacional de Marcha Cantones de A Coruña - Sergio Vázquez"



PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE DETERMINADAS PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018

Na Coruña, 04 de febreiro de 2016

COMPARECEN

DUNHA PARTE. D. Isidoro Hornillos Baz, con DNI.: 32.426.699-B, en calidade de Presidente da Federación Galega de Atletismo, e no sucesivo FGA.

DOUTRA PARTE. D. José Manuel Sande García con DNI.: 32838779T, en calidade de concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento do Excmo. Concello da Coruña.

Ambas partes recoñécense capacidade e competencia para formalizar o presente protocolo entre as entidades que representan.

EXPOÑEN. :

- I. Que a FGA é, segundo a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, unha entidade privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar, cuxo ámbito de actuacións abrangue ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con funcións públicas delegadas de carácter administrativo baixo a tutela da Administración Deportiva Autonómica. Os seus estatutos están regulados pola Lei 10/1990 nacional do deporte e pola Lei 3/2012 do deporte de Galicia. A FGA ten por obxecto, mediante a integración dos diferentes estamentos, o fomento, desenrolo e organización con carácter exclusivamente na Comunidade Autónoma de Galicia das competicións atléticas oficiais federadas, onde ostenta, tamén con carácter exclusivo, a representación da Real Federación Española de Atletismo, en sucesivo RFEA.
- II. Que o Concello, segun dispón a vixente Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en diversas materias, entre as que se inclúen no seu art. 25.2 apartado 1) "...Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre"
- III. A súa vez a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, atribúelle os municipios, entre outras competencias, fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar; promover e, no seu caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración Autonómica, así coma a colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas; autorizar, de conformidade cos requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fora das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal; organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local; calquera outra actuación que redunde no beneficio do desenrolo deportivo local o que lles poda ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa os fins ou obxectivos da presente lei.
- IV. Que a política municipal deportiva ten interese en potenciar a participación cidadá nas carreiras pedestres, así coma convertelas nunha ferramenta para fomentar a practica deportiva; e tamén noutro eido conseguir unha sinerxía cas políticas de promoción económica de tal xeito que a Coruña sexa referente de turismo deportivo, o que esixe un maior grado de esmero institucional e a necesidade de definir responsabilidades, competencias e obrigas entre a FGA e o Concello da Coruña, co obxecto de mellorar a calidade da oferta deportiva e o grado de satisfacción dos practicantes.

Que na Cidade de A Coruña, grazas a promoción municipal, vense celebrando catro carreiras oficiais, incluídas no calendario nacional as tres primeiras e no calendario internacional a última, cuxa organización corresponde a FGA e o Concello da Coruña, tales coma A Coruña 10, A Coruña 21, A Coruña 42 e o Gran Premio Internacional Cantones de Marcha de A Coruña - Sergio Vázquez, a celebrarse no ano 2016.

PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018

Polo tanto, e para levar a cabo as accións necesarias que fagan realidade os fins indicados, as dúas entidades subscriben o presente protocolo definindo as actuacións necesarias baixo os principios e garantías do equilibrio, capacidade e solvencia, e que de forma específica indicanse nas seguintes.:

CLAÚSULAS

1. OBXECTO. Constitúe o obxecto deste protocolo entre a FGA e o Concello da Coruña para organizar estas catro carreiras oficiais (C10, C21, C42, e o "Gran Premio Internacional de Marcha Cantones de A Coruña-Sergio Vázquez")

- 1.1 A FGA e o Concello da Coruña deberán consensuar: os circuitos, as condicións xerais técnicas en que se van executar así como as datas de cada unha das competicións coa antelación suficiente para que a plataforma de inscricións esté aberta, ou a posibilidade de presentar solicitude de invitación no caso da Marcha, nos seguintes períodos anteriores a data da celebración da carreira.
- C10 .: 3 meses
 - C21 .: 1 mes
 - C42 .: 6 meses
- 1.2 O Concello da Coruña decidirán as cotas das inscricións para as carreiras de carácter nacional a celebrar no 2016, C21 , C42 , C10, Gran Premio de Marcha de Los Cantones de A Coruña – Sergio Vázquez . Asímismo o Concello decidirá: os incrementos das mesmas en función dos prazos nos que se inscriban os interesados, as bonificacións, as condicións e procedementos. .
- 1.3 Os premios en metálico de cada unha das carreiras de carácter nacional C21 , C42 , C10, Gran Premio de Marcha de Los Cantones de A Coruña – Sergio Vázquez serán os que se indiquen no presente protocolo; no suposto de que se pretenda variar deberá ser coa conformidade expresa do Concello.
- 1.4 Competeralle ao Concello da Coruña decidir sobre as actividades de promoción de cada unha das carreiras : publicidade, difusión, participación en eventos de divulgación e similares. Aínda que deberá contar co informe técnico favorable previo da FGA, nese sentido deberase planificar un calendario de actividades dirixido a cada unha das probas.
- 1.5 As inscricións e pagos en cada unha das carreiras realizarase a través da plataforma oficial da FGA www.carreirasgalegas.com, ou de xeito presencial nos termos que indique en cada caso o Concello, o cal asumirá tódolos gastos, debendo pasarlle a entidade colaboradora á Federación nun prazo de 5 días hábiles os mesmos datos que se piden na inscrición na web e nun prazo dun mes os importes recadados . As inscricións que se vaian realizando na plataforma on line deberán ser comunicadas, dentro dos 5 días hábiles seguintes de finalizar o prazo ao correo municipal: deportes@coruna.es, ou noutro que se lle indique; nun informe en formato PDF e en formato EXCELL xerado pola aplicación da devandita web e que como mínimo debe conter: tódolos datos facilitados polos participantes e calquera outro dato que determine directamente o importe que se abonou pola inscrición. No caso de que unha carreira teña varios tramos de prezos en función da antelación con que se faga a inscrición, a obrigaón anterior será esixible en cada cambio de tramo. Ao rematar o prazo de inscrición de cada carreira, a FGA enviará ao Concello un informe final en formato pdf e un arquivo en formato Excel, con idéntico contido ao descrito anteriormente.No suposto de que a FGA incumpra a obrigaón antedita a liquidación farase automaticamente polos prezos vixentes no último día de prazo para inscribirse na carreira. Con independencia das anteriores obrigaóns, e co fin de que o Concello poda planificar a disposición dos medios precisos, a Federación deberá ir informando do número de inscricións que se van efectuando previa petición municipal ou garantirlle ao Concello un medio para súa consulta on line..

PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018

- 1.6 Na publicidade directa xerada sobre as carreiras (normativa técnica, páxinas web da FGA www.atletismogalego.org , Carreiras Galegas www.carreirasgalegas.com, na páxina do Concello da Coruña www.coruna.es, páxina de deportes do Concello www.coruna.es/carreiraspopulares , carteis, lonas, camisetas, etc..) indicárase que os organizadores son a FGA e o Concello da Coruña. Ao ser unha proba de calendario autonómico e nacional, deberán aparecer tamén os logos da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, e RFEA.
- 1.7 Nos formularios oficiais de inscrición da proba no calendario nacional da RFEA, nos que se esixa nome do organizador aparecerá o seguinte .:
- C 21.: Federación Galega de Atletismo, Concello da Coruña
 - C42 .: Federación Galega de Atletismo, Concello da Coruña
 - C10 .: Federación Galega de Atletismo, Concello da Coruña
 - Gran Premio Internacional Cantones de Marcha de A Coruña – Sergio Vázquez .: Federación Galega de Atletismo, Concello da Coruña
- Ditos formularios deberán ser tratados conforme ao previsto na vixente Lei orgánica de protección de datos. Ademais debe contemplarse expresamente a cesión de datos a favor do Concello da Coruña así como o emprego de imaxes para fins promocionais . Como mínimo os formularios deben ter os seguintes campos: Nome, apelidos, data de nacemento, DNI, nº de teléfono, persoa de contacto de aviso en caso de incidencia (nome e telefono), poboación do atleta que se inscribe, indicación dalgún tipo de dato trascendental no suposto de que precise asistencia sanitaria
- 1.8 Calquera tipo de información técnica transmitida os medios de comunicación sobre as carreiras obxecto do presente protocolo , deberá ser a instancia do Concello da Coruña, pero con previa audiencia da FGA, antes da súa publicación, notas de prensa, páxinas web municipais . No referente as presentacións oficiais fixaranse as datas cunha marxe de sete días de antelación, a fin de realizar a convocatoria oportuna os representantes institucionais e privados que deban estar presentes.
- 1.9 Nas roldas de prensa oficiais de presentación de cada unha das catro carreiras intervirán, polo menos, un representante nomeado pola FGA e outro pola parte do Concello da Coruña. Calquera outra intervención será a cargo do Concello da Coruña coma promotor do evento pero deberá facerse con previa audiencia da FGA.
- 1.10 Durante o desenvolvemento das carreiras actuará como mínimo un locutor oficial habendo a posibilidade de actuación de dous locutores oficiais; sempre e cando o autorice o Concello previa petición motivada por parte da FGA.. Os idiomas a utilizar serán o galego e o castelán.
- 1.11 Na pancarta oficial da Saída – Meta de cada carreira figurarán os escudos oficiais das dúas entidades organizadoras, FGA e Concello da Coruña.
- 1.12 Nos dorsais incluíranse tamén os dous logos dos organizadores, FGA e Concello da Coruña.
- 1.13 Nos resultados de cada unha das carreiras, que serán oficiais trala revisión do Comité Galego de Xuíces e visto e prace do Xuíz Árbitro, deberán aparecer, o igual que nas cláusulas anteriores os logos oficiais das entidades organizadoras, FGA e Concello da Coruña, xunto o nome respectivo da proba e a data de celebración.
Durante o protocolo oficial de premios de cada unha das carreiras accederían ao palco un máximo de tres representantes da FGA e outros tres do Concello da Coruña, podendo permutar por outros membros distintos durante o acto, ditos representantes deberán ser confirmados polo menos con 48 horas de antelación a celebración da carreira.
- 1.14 Ámbalas partes comprométese a aboar nun prazo de 60 días as súas respectivas obrigas, tanto o Concello coa FGA, como a FGA cos provedores.
- 1.15 En cumprimento co previsto nos artigos 16 e 51.6 da lei 3/2012 ambas partes facilitarán, na medida das súas posibilidades materiais, a participación de atletas con algunha discapacidade sempre e cando non supoña un deporte distinto o das disciplinas obxecto do presente protocolo.

PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018

2. OBRIGAS DA FGA .:

2.1 A FGA encargarse dos seguintes cometidos .:

2.1.1 Servizo avanzado de cronometraxe por sistema de transpondedor e clasificación de tódalas categorías incluídas nos regulamentos de cada carreira; no que se inclúe,;

- DORSAIS EN COR PERSONALIZADOS
- IMPRESIÓN POR AMBALAS CARAS. No reverso deberá figurar os datos do corredor e persoas de contacto, así como aqueles aspectos de saúde fundamentais para prestar unha atención de calidade nos casos en que sexa necesario. Entregarase por parte do concello as artes finais para a súa produción.
- INCLUSIÓN CÓDIGO QR en cada dorsal
- CHIPS: sistema de identificación de radio frecuencia, e un software específico dedicado ao tratamento de datos, que permita a obtención do 100% de datos exactos e en tempo real.
- ETIQUETAS IMPRESAS PARA CADA PARTICIPANTE CON Nº DE DORSAL PARA O SERVIZO DE ROUPEIRO. A FGA non prestará dito servizo de roupeiro o cal corresponderalle ao Concello así como outros complementarios que considere oportuno instalar como mellora na seguridade do circuito e comodidade dos atletas participantes
- IMPERDIBLES PARA TODALAS CARREIRAS
- ARCO TRUSS DE SAÍDA PANELABLE PARA COLOCACIÓN DE PUBLICIDADE cunhas dimensións suficientes en función dos participantes de cada proba (De 8 metros para C21, C42 e Gran Premio de Marcha e de 12 m para C10)
- CONTROIS DE SAÍDA: (medidas mínimas)
 - C21 de 8 metros de ancho X 2 metros de profundidade.
 - C42 de 8 metros de ancho X 2 metros de profundidade.
 - C10 de 12 metros de ancho X 2 metros de profundidade.
 - Para Gran Premio Internacional de Marcha Cantones de A Coruña - Sergio Vázquez"; de 8 metros de ancho X 2 metros de profundidade
- CONTROIS DE META (medidas mínimas)
 - C10 de 4 metros de ancho X 2 metros de profundidade
 - C21 de 4 metros de ancho X 2 metros de profundidade
 - C42 de 4 metros de ancho X 2 metros de profundidade
 - "Gran Premio Internacional de Marcha Cantones de A Coruña - Sergio Vázquez"; de 4 metros de ancho X 2 metros de profundidade
- CONTROIS DE PASOS INTERMEDIOS:
 - C42 (4 de 2 metros e 3 de 4 metros)
 - C21 (2 de 4 metros)
 - C10 (2 de 4 metros)
 - Gran Premio Internacional de Marcha Cantones de A Coruña - Sergio Vázquez"; de 4 metros de ancho X 2 metros de profundidade
- ARCO TRUSS 6M META PANELABLE PARA COLOCACIÓN DE PUBLICIDADE (mínimo)
- CRONOMETRO ARCO DE META VINCULADO AO SISTEMA DE CRONOMETRAXE CUXO TAMAÑO PERMITA VISIBILIDADE AO PÚBLICO E OS CORREDORES
- CRONOMETRO CON ADAPTACION PARA SER COLOCADO SOBRE O VEHICULO DE CABEZA, VINCULADO AO SISTEMA DE CRONOMETRAXE
- VÍDEO CHEGADA PERSONALIZADA E VINCULADA AOS RESULTADOS PARA CADA CORREDOR
- SEGUIMIENTO CABEZA DE CARREIRA GPS
- PRESENZA DE POLO MENOS 2 TÉCNICOS DURANTE A CELEBRACIÓN DAS PROBAS; para a resolución das posibles incidencias que se poidan producir relativas á cronometraxe.
- RESULTADOS EN VIVO Seguimento en tempo real de tódolos corredores, de xeito que permitan ao speaker e ao público a localización e os tempos dos corredores ao seu paso polos controis
- IMPRESIÓN E EXPOSICIÓN DOS RESULTADOS NA ZONA HABILITADA PARA ESTE FIN
- ENVÍO DE RESULTADOS AOS PARTICIPANTES POR EMAIL .
- ENVÍO DE RESULTADOS DE FORMA INMEDIATA PARA A SUA DIFUSIÓN WEB, REDES, Etc..nos sitios autorizados polo concello

PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018

- PUBLICACIÓN EN INTERNET DOS RESULTADOS DE FORMA INMEDIATA que permita a procura individualizada de cada corredor, non a través dun arquivo en formato PDF ou similar; senón a través dunha consulta directa e individualizada a unha base de datos . De tal xeito que dende as redes e webs podan enviarse o publicarse unha ligazón para que os participantes poidan acceder a súa clasificación individual
- ENVIAR AO CONCELLO UNHA LISTAXE COMPLETA DE TODOLOS RESULTADOS. Incluindo tódolos datos facilitados polos participantes e os datos do sistema de cronometraxe e pasarelas de pago, no que se detallarán se son federados ou populares, participantes nun campionato federado ou carreira popular... segundo a carreira de que se trate. Dita listaxe enviarase nun arquivo en PDF e outro en formato editabel, preferentemente en excell.
- DIPLOMA INDIVIDUALIZADO DESCARGABLE PARA CADA CORREDOR nas Carreiras C21 e C42. O Concello elaborará a arte final coa imaxe da carreira, o seu deseño e o sistema de cronometraxe adaptarao para que cada corredor que o desexe poida xerar e descargar o seu propio diploma no que figure o seu nome, apelidos e os seus tempos individualizados.
- GARANTIR O 100% DE REXISTROS EN SAIDAS, CONTROIS E METAS.

2.1.2 Servizos médicos e sanitarios

Debido a súa estreita vinculación coa seguridade do circuíto, que ha de garantirse en todo momento para tódolos participantes no mesmo, a FGA queda exonerada desta responsabilidade e serán organizados polo Concello. A tal fin achegará os medios precisos e mellorará os ratios legais existentes nesta materia si así se considera conveniente tecnicamente en cada caso.

2.1.3 Servizo de fisioterapia

Idem co caso anterior.

2.1.4 Xestión administrativa ca RFEA para a inclusión das carreiras no calendario nacional.

2.1.5 Xestión administrativa da licenza de día para corredores non federados coa RFEA, nos casos que sexa necesario. Dita licenza deberá incluír como mínimo as coberturas sanitarias para o seguro obrigatorio deportivo regulado legalmente

2.1.6 Xestión administrativa da licenza autonómica para corredores non federados, nos casos que se tome a decisión por parte do concello de quitar algunha das carreiras do calendario nacional.

2.1.7 Xestión do equipo de xuíces para cada unha das probas. Asistirán, polo menos acompañados dun representante do Comité Galego de Xuíces (Xurisdición da Coruña),as reunións organizativas necesarias. O día anterior, ademais, participarán o Xuíz Árbitro e Delegado da RFEA, para o cal o Comité Técnico deberalles comunicar por escrito cun mínimo de sete días a hora de inicio da reunión e o lugar.

2.1.8 Nos casos onde sexa necesario, xestión administrativa da homologación do circuíto ca RFEA.

2.1.9 Xestión de avituallamento persoal para os atletas de elite en caso de existir, incluíndo a recepción previa, custodia e entrega o día da carreira no lugar sinalado polo atleta, de acordo ao regulamento da proba.

2.1.10 Nas probas que así o demanden, xestión organizativa da cámara de chamadas e secretaría técnica.

2.1.11. Xestión das inscrición vía web e o cobro dos correspondentes prezos, incluíndo os das inscricións presenciais que lle debe remitir a entidade colaboradora nesa materia.

2.1.12. Xestión e instalación das infraestruturas necesarias para o servizo de cronometraxe, de acordo ao que se establece o punto 2.1.1; no que se detalla o servizo de cronometraxe, segundo as necesidades de cada unha das carreiras.

2.1.13. Dirección e seguimento técnico de toda a proba deportiva. Sen posibilidade de intromisión algunha por parte do Concello. Do mesmo xeito que tampouco a FGA se poderá inmiscuir na materia de seguridade do circuíto

PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018

- 2.1.14. Deberá soportar a instalación ao largo do circuíto, incluíndo expresamente a zona de saída e de meta, da publicidade dos patrocinadores municipais; sempre e cando non perturbem o orden correcto da proba a nivel técnico e de seguridade para os atletas.
- 2.1.15. Xestión e control dos caixóns de saída en número e tempos necesarios para a celebración das diferentes carreiras.
- 2.1.16. Facilitarlle ao Concello con dous días de antelación os dorsais e chips, para que éste organice e execute pola súa conta e risco a entrega de dorsais e chips, nas datas, horarios e lugares que se establezan con antelación a celebración da carreira.
- 2.1.17. Paneis de clasificacións: exposición das clasificacións en lugares idóneos coa calidade estética que requiren eventos de esta envergadura.
- 2.1.18. Coidar a imaxe da cidade en tódolos ámbitos de actuación da xestión técnica que corresponde a FGA (entregas de dorsais, infraestruturas de cronometraxe, espazos de xuíces, persoal da organización, etc) procurando el máximo nivel de calidade na súa xestión
- 2.1.19. Nas carreiras que coincidan cos Campionatos de Galicia será a FGA quén suministre os trofeos e medallas dos devanditos campionatos,
- 2.1.20. Contacto e xestións con atletas de elite, si fose preciso; que deberá contar co visto e prace do concello para a súa contratación..
- 2.1.21. Designación dun representante da FGA para que esté presente no Centro de Coordinación de Operativo durante a celebración do evento con capacidade suficiente para actuar en nome da FGA

2.2 Obrigas do Concello da Coruña

O concello encargarse dos seguintes contidos .:

- 2.2.1 Xestión administrativa a través do Departamento Municipal de Deportes con tódalas entidades públicas e áreas do Concello implicadas na celebración de cada unha das probas, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Infraestruturas, Cultura e Turismo. Tamén inclúe a captación, xestión e cobro dos patrocinios ou subvencións.
- 2.2.2 Deseño e montaxe das infraestruturas necesarias para a delimitación do circuíto, incluíndo zona de saída e zona de meta e, no seu caso, o illamento do mesmo para evitar intromisións de terceiros durante a celebración da proba.
- 2.2.3 Deseño e produción da imaxe e comunicación para cada unha das probas e o Merchandising das mesmas.
- 2.2.4 Medios audiovisuais.
- 2.2.5 Calquera servizo necesario para garantir a seguridade do circuíto no tocante a evitar calquera intromisión de terceiras persoas alleas a FGA ou entidades colaboradoras.
- 2.2.6 Vehículos con condutor necesarios tales como coches oficiais, motos de seguimento en carreira ou bicicletas.
- 2.2.7 Calquera outro que poida xurdir para dar maior relevancia o evento, en calidade de promotor do evento e co informe favorábel da FGA no suposto de que afecte ao ámbito competitivo.

PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018

- 2.2.8 Captación, selección e formación do grupo de voluntarios necesario para cada unha das carreiras, que actuarán nas zonas do circuíto reservadas para a competición e dirixidos exclusivamente por persoal municipal e limitándose a colaborar en labores de seguridade do circuíto e de apoio loxístico.
- 2.2.9 Deseño e produción da uniformidade da organización, voluntarios e servizos.
- 2.2.10 Organización e xestión do programa de animación das carreiras que o conteñan, e as demais actividades paralelas á celebración das carreiras. Así como tamén a implantación de servizos como o de roupeiro ou calquera outro que redunde no beneficio da seguridade do circuíto ou na comodidade dos atletas participantes
- 2.2.11 Elección e xestión da causa solidaria que poida implicarse en cada unha das probas.
- 2.2.12. Trofeos e medallas para C10, C21 e C42, salvo as específicas dos campionatos galegos que podan concorrer en cada unha desas carreiras
- 2.2.13 Colocación das instalacións eventuais necesarias para os distintos servizos e atencións protocolarias (palco e carpas).
- 2.2.14 As acreditacións dos medios de comunicación que lles permitan acceder ao circuíto, serán tramitadas dende o Departamento Municipal de Prensa

3. RÉXIME ECONÓMICO .:

3.1 Serán ingresos derivados da celebración das probas, os seguintes .:

- 3.1.1 Cotas de inscrición dos participantes
- 3.1.2 Merchandising coa imaxe da proba que poida ser posta a venda.

3.2 A xestión dos ingresos axustarase as seguintes regras .:

- 3.2.1 A totalidade dos ingresos da proba destináranse os gastos da mesma
- 3.2.2 Os ingresos tratáranse de forma unitaria, integrándose todos eles nunha liquidación que se practique. Con cargo a eles abonáranse tódolos gastos que teña que asumir a entidade que percibe tales ingresos, e reflectirase así na correspondente factura de prestación de servizos. Debendo seguirse a estrutura dos orzamentos estimativos previstos no anexo do presente protocolo.

3.3 Por cada proba, durante as dúas semanas seguintes a celebración, a Comisión Técnica a que se refire a cláusula 4 efectuará unha proposta de liquidación detallada de cada carreira cuxo contido será :

- 3.3.1 Ingresos por inscricións, , indicando: unidade, prezo por unidade e subtotal diferenciando os respectivos prazos para ás diferentes cotas.
- 3.3.2 Conxunto de tódolos gastos, indicando: unidade, prezo por unidade e subtotal.

3.4 En cada unha das probas, obxecto do presente protocolo , C10 , C21, C42, e Gran Premio Internacional Cantones de Marcha de A Coruña – Sergio Vázquez a FGA deberá facturar de xeito desglosado en: conceptos, unidades, importe por unidade e subtotais e ao final deberá de liquidar de xeito tamén desglosado os ingresos liquidados , de tal xeito que se poda coñecer o importe que debe pagar ou cobrar o concello . Todo ilo seguindo a estrutura exposta nos orzamentos estimativos que se inclúen no anexo do presente protocolo e tendo en conta o carácter de máximos das partidas de gastos que soio poden ser incrementadas en función do maior número de inscricións. A estos efectos **calquera partida das descritas no anexo si quedase finalmente sen desglosar no momento da**

PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO
PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS
2016-2018

sinatura do presente protocolo; a súa autorización quedará condicionada a que a FGA lle pase previamente ao Concello un orzamento polo miúdo para obter a preceptiva autorización municipal para ese gasto co fin de que se poda analizar a oportunidade e proporcionalidade do mesmo. De non facelo así o concello soio quedará obrigado a pagar aqueles gastos necesarios ou útiles para o desenvolvemento da proba e pola cuantía promedio de mercado. A contía promedio estimarase previa petición de tres orzamentos a empresas adicadas a dita actividade e con previa audiencia da FGA. .

3.5 A posible cantidade sobranse de cada unha das carreiras será así reflectida na correspondente factura que liquida tódolos gastos da carreira e presentada no Rexistro de Facturas do Concello como unha factura negativa. No caso de que a factura sexa positiva deberá actuarse do mesmo xeito e o Concello deberá pagala, unha vez que esté conformada polo Servizo de Deportes, no prazo legalmente previsto .

4. COMITÉ TÉCNICO .: Constituirase un Comité Técnico, no sucesivo CT, que estará composto por un representante da FGA e outro do Concello da Coruña A designación de cada representante deberá ser comunicada formalmente a outra parte. Os membros do CT non cobrarán ningún emolumento nin terán compensación económica de ningún tipo por manter as reunións coa periodicidade, calendario ou urxencia establecida. O CT reunirse a iniciativa de calquera das partes. Si o estimasen convinte calquera das partes, poderán invitar a outras persoas as reunións do CT, tanto do ámbito da FGA coma do Concello da Coruña, ou outro que puidese ser positivo de cara a optimizar a organización das carreiras. Tras cada reunión levantarase unha acta, firmada por ambas partes, na que se indique os acordos acadados que non poderán ser contrarios as disposicións reflectidas no presente protocolo e demais contratos que o desenvolvan. Independentemente á comunicación telefónica que puidesen ter, as iniciativas, propostas peticións, aclaracións ou informacións subministradas por calquera das partes, deberán ser canalizadas a través dos seguintes correos electrónicos.

- Por parte do Concello da Coruña
deportes@coruna.es; ou calquera outro que se notifique formalmente con posterioridade
- Por parte da Federación Galega de Atletismo:
direcciontecnica@fgatletismo.com ; ou calquera outro que se notifique formalmente con posterioridade

Enviarase tamén unha copia do correo en tempo real ao Presidente da FGA: presidente@fgatletismo.com, así coma ao concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento do Excmo. Concello da Coruña m.sande@coruna.es

5. CUESTIÓNS LITIXIOSAS E INTERPRETACIÓNS DO PROTOCOLO .: As posibles cuestións litixiosas e controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación efectos e resolución do presente protocolo , serán plantexadas ao CT, que elevará un informe aos órganos que procedan dentro da FGA ou do Concello da Coruña, para que resolan dentro dos termos que inspiran este protocolo e o futuro contrato, non seu caso . Si se mantivese a discrepancia, os acordos adoptados serán recorribles de conformidade ao disposto na Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e de máis normas que sexan de aplicación.

6. DURACIÓN .: O presente protocolo ten natureza administrativa e entrará en vigor o día seguinte da firma por ambas partes. A vixencia estendese para todo ano 2016, e prorrogarase anualmente e de xeito automático para os exercicios 2017 e 2018.; sempre e cando ningunha das partes se opoña expresamente, en cuxo caso deberá comunicarllo formalmente a outra antes do 30 de novembro do ano en curso.

7. RESOLUCIÓN .: Será causa de resolución do presente protocolo o mutuo acordo, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fehaciente no prazo dun mes dende que fose detectado.



"Gran Premio Internacional de Marcha Cantones de A Coruña - Sergio Vázquez"



PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018

E como mostra da conformidade, as partes subscriben por duplicado o presente protocolo, no lugar e data indicados no encabezado.

O Presidente da Federación Galega de Atletismo

Isidoro Hornillos Baz

O Concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento

José Manuel Sande García



PROTOCOLO DE INTENCIONS ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO PARA A CELEBRACIÓN DE PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS NA CIDADE DA CORUÑA PARA OS EXERCICIOS 2016-2018


**ANEXO
ORZAMENTOS ESTIMATIVOS DE INGRESOS E GASTOS DO SERVIZO ORGANIZATIVO A CARGO DA FGA PARA DETERMINADAS PROBAS DEPORTIVAS OFICIAIS**

C21

PRESTACIÓN	UNIDADES	PREZO	SUBTOTAL
DESPLAZAMENTO DELEGADO TÉCNICO RFEA (billete de ida e volta) <i>Debese indicar a cidade orixe</i>	1	100,00 €	100,00 €
MANUTENCION E HOSPEDAXE DO DELEGADO TÉCNICO RFEA, <i>débese indicar o día de chegada e o día da saída</i>	1	100,00 €	100,00 €
CONTROL TÉCNICO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES , <i>débese indicar o nº de xuíces participantes e o horario do seu servizo, de xeito que se podan liquidar o nº de horas de servizos prestados; así a modo de exemplo se interveñen 8 xuíces entre as 10:00 e 12:30 horas resultan 20 horas</i>	20	50,00 €	1.000,00 €
PREMIOS para a categoría absoluta (homes e mulleres) sempre que non exceda do tempo indicado en cada edición . 1º POSTO (No caso de non acadar a marca antedita o premio encollerase nun 50%)	2	1.200,00 €	2.400,00 €
PREMIOS para a categoría absoluta (homes e mulleres) sempre que non exceda do tempo indicado en cada edición . 2º POSTO . (No caso de non acadar a marca antedita o premio encollerase nun 50%)	2	800,00 €	1.600,00 €
PREMIOS para a categoría absoluta (homes e mulleres) sempre que non exceda do tempo indicado en cada edición . 3º POSTO . (No caso de non acadar a marca antedita o premio encollerase nun 50%)	2	600,00 €	1.200,00 €
PREMIOS para a categoría absoluta (homes e mulleres) sempre que non exceda do tempo indicado en cada edición . 4º POSTO . (No caso de non acadar a marca antedita o premio encollerase nun 50%)	2	400,00 €	800,00 €
PREMIOS para a categoría absoluta (homes e mulleres) sempre que non exceda do tempo indicado en cada edición . 5º POSTO . (No caso de non acadar a marca antedita o premio encollerase nun 50%)	2	200,00 €	400,00 €
PREMIOS para a categoría absoluta (homes e mulleres) sempre que non exceda do tempo indicado en cada edición . 6º POSTO . (No caso de non acadar a marca antedita o premio encollerase nun 50%)	2	100,00 €	200,00 €
PREMIOS para a categoría absoluta (homes e mulleres) dentro dos ATLETAS GALEGOS participantes. 1º POSTO . <i>Para a súa entrega deberá terse en conta as incompatibilidades e requisitos que se establezan en cada edición</i>	2	300,00 €	600,00 €
